



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VALGA PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO NO CENTRO OCUPACIONAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (CODI) DO CONCELLO DE VALGA

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Valga o instrumento convencional arriba referido por un período que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Valga para o financiamento de obras de acondicionamento dun local do Centro Ocupacional para persoas con discapacidade (CODI) do Concello de Valga, destinado á realización de obradoiros, co obxectivo de ampliar as actividades deste centro para discapacitados, diversificando a súa oferta co fin de seguir mellorando a calidade de vida das persoas usuarias e contribuír a incrementar as súas capacidades.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Valga, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e





Benestar por medio do convenio asinado o 14.7.2006, conta cun Centro Ocupacional para persoas con Discapacidade (en diante CODI), no que se presta atención a persoas con discapacidade funcional, e se desenvolven talleres, actividades formativas, terapia ocupacional e obradoiros de reciclaxe de aparatos eléctricos e electrónicos, musicoterapia, estimulación cognitiva ou manualidades, entre outros.

Entre os anos 2018 e 2019 construíuse, anexo ao edificio principal, un local para a instalación dun forno de cerámica, co obxectivo de ampliar as actividades deste centro para discapacitados, diversificando a súa oferta co fin de seguir mellorando a calidade de vida dos seus usuarios e contribuír a incrementar as súas capacidades.

Este local no que actualmente se atopa o forno de cerámica carece das condicións necesarias para poderen desenvolverse as actividades formativas e ocupacionais, ao carecer das máis básicas condicións e equipamento, debendo acometerse as actuacións de acondicionamento necesarias co fin de poder utilizar este local para a realización de varios obradoiros, co obxectivo de ampliar as actividades deste centro para discapacitados, diversificando a súa oferta, co fin de seguir mellorando a calidade de vida das persoas usuarias e contribuír a incrementar as súas capacidades.

Tendo en conta que o concello non dispón de recursos propios suficientes para levar a cabo a referida actuación, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento das obras descritas no devandito inmovible, o que permitirá ao Concello de Valga mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades no dito centro social, proporcionando así unha adecuada atención ás persoas con discapacidade que precisan facer uso do devandito centro.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das actuacións descritas, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade destas actuacións e o interese común de mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades do CODI,





posibilitando unha mellor atención ás persoas usuarias deste, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Valga para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 47.172,42 euros, con cargo á partida 11.90.311A.760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado





o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

